

Texto: **CORMAC McCARTHY**

Tradución: **EVA ALMAZÁN**

Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Narrativa K.

192 páxinas. 14,5x21 cm.

ISBN 978-84-96957-80-0

Prezo: 18 €



# A ESTRADA

- PREMIO PULITZER DE FICCIÓN 2007
- PREMIO JAMES TAIT BLACK MEMORIAL 2006
- FINALISTA DO PREMIO NATIONAL BOOK CRITICS CIRCLE 2006

**Cando acordou no monte no medio da escuridade e do frío da noite estendeu a man para apalpar o neno que durmía a son del. Noites máis negras ca a negrura mesma e os días máis grises ca a véspera. Coma a aparición dun glaucoma frío que ofuscaba o mundo. A man elevábaselle e descendía suavemente con cada alento precioso. Botou para atrás a lona plástica e ergueuse sobre as fedorentas roupas e mantas e mirou para o leste na procura dalgunha luz pero non había ningunha.**



Un pai e un fillo camiñan sós por un mundo frío, onde apenas nada se move, agás a cinza e a neve no vento. Pai e fillo empurran un carriño pola estrada: nel transportan as poucas pertenzas que lles quedan e o que van recollendo no camiño. Van cara ao sur, cara á costa, buscando a salvación, esfameados e abafados pola néboa cincenta: dende as montañas do interior, percorrendo unha paisaxe arrasada, van fuxindo da morte coa esperanza de atopar un futuro onde sexa posible a vida. Todo está morto e extinguido ao seu redor. Como única protección levan unha pistola para se defender dos bandidos, as roupas que visten... e téñense o un ao outro.

“A estrada” é a crónica conmovedora dunha viaxe de supervivencia que imaxina un futuro sombrío. Un futuro explorado nos filmes e obras literarias que se teñen internado no mundo posterior a unha catástrofe nuclear. Cormac McCarthy volve sobre o tema e converte a ficción nunha obra impactante, onde está presente o mellor e o peor da condición humana. A lectura provoca unha pregunta desasosegante: son posibles o amor e a esperanza no medio da barbarie inhumana e da devastación total?

Destaca tamén o protagonismo da paisaxe: un ceo sempre gris onde nunca se ve o sol, os ríos negros, un frío intenso, a escuridade e o eterno silencio. Publicada en 2006, “A estrada” é unha das obras deste autor máis recoñecidas internacionalmente; a súa tradución ao galego supón un fito relevante.

## **CORMAC McCARTHY (Rhode Island, Estados Unidos, 1933)**

Pasou boa parte da súa nenez e mocidade en Tennessee, onde comezou a carreira de Humanidades, que non chegou a rematar. Alistouse despois nas Forzas Aéreas estadounidenses, onde permaneceu catro anos. Sábese pouco da súa vida persoal, pero el mesmo se describe como un ser solitario, máis amigo de científicos que de autores. Casou tres veces e levou unha vida desordeada, mudando de domicilio e traballando en diferentes oficios, vivindo de bolsas e premios que recibía polas súas obras.

Está considerado un dos principais novelistas da literatura norteamericana actual. Entre as súas obras destacan “Suttree”, coa que recibiu en 1981 o Premio MacArthur Fellowship, e “A triloxía da fronteira”, coa que conseguiu o recoñecemento do público e da crítica; a esta serie pertencen “Todos os cabalos lindos”, publicado en 1992, co que gañou o premio máis importante de Norteamérica, The National Book Award, “O paso” e “Cidades da veiga”. En 2005 publica “Non é terra para vellos”, levada ao cine polos irmáns Coen, e en 2006 aparece “A estrada”, recoñecida co Premio Pulitzer de Ficción 2007 e adaptada á gran pantalla por John Hillcoat en 2009.